



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Asunto: altas na Seguridade Social e formalización de contratos a 4 peóns de obra para o programa PEL-Concellos 2024

Visto que por Resolución de Alcaldía se acordou convocar, con carácter urxente, o proceso selectivo de persoal para 4 postos na cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral (PEL Concellos 2024).

Visto que se publicou un anuncio do devandito proceso de selección no Boletín Oficial da Provincia, publicado co número 146 o 31 de xullo de 2024 no que se concedía un prazo de presentación de instancias de 4 días hábiles contados dende o seguinte a publicación do anuncio.

Vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras do día 20/08/2024, que inclúen a proposta de resolución de nomeamento. Visto o decreto nº 400/2024 do día 26/08/2024 de nomeamento de 4 peóns de obra e visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula novena das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato.

Vistas as bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais do concellos da provincia PEL-Concellos 2024 publicadas no BOP nº 233 do 07/12/2023, e tendo en conta a base 4.3 de requisitos de contratación, polo que os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolle o código 405 cando a contratación sexa a tempo completo. Estes contratos de duración determinada están ligados aos plans de Emprego.

Por todo o exposto e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: dar de alta na Seguridade Social e formalizar os contratos laborais temporais de duración determinada a 4 peóns de obra, **para a cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2024)**, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolle o código 405 por ser un contrato a tempo completo, con data de inicio do 01/09/2024 e duración de 4 meses. Os aspirantes seleccionados son:

- Paz Rodríguez Carlos
- Andrade Souto José.
- Romero García Antonio.
- Pérez Blanco José.

Segundo: publicar este acordo no taboleiro electrónico de anuncios do Concello e na web do Concello.

Terceiro: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA

María Garrote López